



A condicionalidade nas explotacións de gando ovino-cabrún

XUNTA DE GALICIA

1. Introducción:

A reforma da PAC do ano 2003 introduce a obriga, a partires do ano 2005, de que os agricultores cumpran con determinadas normas referentes ás boas condicións agrarias e medioambientais, ao medio ambiente, á saúde pública, zoonidade e fitosanidade e, ao benestar dos animais, o conxunto destas obrigas denomínase **condicionalidade**.

De seguido indícanse as **obrigas máis salientables** da condicionalidade nunha explotación tipo de gando ovino-cabrún con orientación cárnica.

2. Que debe facer vostede respecto:

2.1. Á Saúde Pública, Zoonidade e Fitosanidade.

Este punto abarca cuestións referentes a identificación e rexistro dos animais da súa explotación, emprego de produtos fitosanitarios, certos aspectos veterinarios e notificación de enfermidades.

2.1.1. Respetto á Identificación e Rexistro dos animais.

A continuación expóñense os principais aspectos e documentos relacionados e que vostede deberá ter presentes na súa explotación:

- ⚠ Libro da explotación correctamente actualizado.
- Documentación relativa ao orixe e destino dos animais que posuía, transportou, comercializou ou sacrificou durante os tres anos anteriores.
- ⚠ • Identificación dos animais nados despois do 9 de xullo de 2005 cun bolo ruminal e un crotal na orella dereita, e os nados antes do 9 de xullo de 2005 mediante crotais ou tatuaxes.

2.1.2. Cuestións Veterinarias e Fitosanitarias.

Este punto afecta a aspectos relacionados co emprego de produtos fitosanitarios, seguridade alimentaria e encefalopatías esponxiformes transmisibles.

- No relativo á utilización de produtos fitosanitarios:
 - ⚠ ... Serán produtos autorizados e empregaranse do xeito indicado nas etiquetas dos envases.
- No relativo a emprego de sustancias hormonais, tirostáticas e β -agonistas na cría do gando:
 - ... Se non existe xustificación no poderán ter nin empregar estas sustancias.



... Non se comercializarán animais tratados con substancias non autorizadas, e de tratalos con substancias autorizadas respectarán o prazo de espera prescrito para estes produtos.

... No seu caso, os tratamentos autorizados aplicados deberán figurar correctamente anotados no libro de rexistro de medicamentos.

• No relativo á saúde pública:

... Os produtos da explotación que se vaian a comercializar teñen que ser seguros e libres de contaminación.

... As explotacións adicadas á produción de alimentos non poderán subministrar aos animais pensos que non procedan de establecementos autorizados e, cumpriran cas indicacións da etiqueta.



... Os pensos procederán de establecementos rexistrados e/ou autorizados.

... Os aditivos para pensos, os medicamentos veterinarios e os biocidas serán produtos autorizados e utilizaranse consonte ao etiquetado e as receitas.

... Os pensos e os produtos prohibidos en alimentación animal (químicos ou outros) almacenaranse en lugares distintos.

... Os pensos medicados, e os non medicados, alma-

cenaranse e manipularanse de xeito que se reduza o risco de contaminación cruzada, ou de alimentación de animais con pensos non destinados aos mesmos.

... Ao introducir animais novos na explotación tomaranse precaucións para prever a introdución e propagación de enfermidades contaxiosas transmisibles aos seres humanos a través dos alimentos, e de sospeitar a presenza de focos destas enfermidades comunicaranse aos Servizos Veterinarios.

... Os residuos e substancias perigosas almacenaranse e manexaranse por separado, e de xeito seguro, para evitar a contaminación.

... Disporá de rexistros sobre:

- A natureza, cantidade e orixe dos pensos e outros produtos utilizados en alimentación animal.
- A cantidade e destino de cada saída de pensos.
- Os medicamentos veterinarios ou outros tratamentos administrados aos animais, datas e períodos de retirada.
- O uso de biocidas e fitosanitarios.
- Resultados de todos os análises efectuados ás plantas, animais ou outras mostras de importancia para a saúde humana.
- Informes relevantes obtidos mediante controis aos animais ou produtos de orixe animal.
- Cando corresponda, o uso de sementes modificadas xenéticamente.



⚠ ... Ten que ser posible identificar mediante facturas ao subministrador dos produtos (pensos, preemaduras, etc.) e gando mercados.

⚠ ... Ten que ser posible identificar mediante facturas o operador ao que vostede lle vendeu os produtos (leite, años, cabritos) da súa explotación.

- No relativo ás encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET):

⚠ ... Non se empregarán produtos que conteñan proteínas procedentes de animais terrestres nin de pescado, salvo determinadas excepcións.

... En explotacións nas que existan animais ruminantes e non ruminantes, os pensos de cada tipo de animal almacenaranse separados fisicamente, e para empregar pensos para non ruminantes con fariña de peixe, necesitará a autorización administrativa correspondente.

... Cando se sospeite cun animal está infectado por unha EET, o caso ten que ser inmediatamente notificado aos Servizos Veterinarios Oficiais.

... No caso de sospeita ou confirmación dunha EET, disporá da documentación que acredite o movemento de animais e, de se lo caso, do cumprimento da resolución expedida pola autoridade competente.

... Posuirá os certificados sanitarios relativos á posta no mercado e importación de animais.

2.1.3. Respecto á notificación doutras enfermidades.

- A sospeita ou presenza de febre aftosa ten que ser notificada obrigatoria e inmediatamente á autoridade competente.

- Os animais infectados ou sospeitosos de estar infectados ca febre aftosa manteranse retirados dos lugares onde haxa animais sensibles de infectarse.

- No caso de ter animais das especies sensibles, a sospeita da aparición de calquera das seguintes enfermidades debe ser notificada aos Servizos Veterinarios, tendo que cumprir neste caso coas indicacións da autoridade competente:

... Deberán notificarse en prazo as seguintes enfermidades:

Peste bovina	Estomatose Vesicular
Peste dos pequenos ruminantes	Enfermidade de Teschen
Enfermidade vesicular porcina	Dermatose nodular contaxiosa
Lingua azul	Febre do val do Rift
Enfermidade hemorráxica dos cervos	Variola ovina e cabrúa



2.2. Ás Boas Condicións Agrarias e Medioambientais

• No relativo ao mantemento das superficies agrarias vostede deberá ter en conta os seguintes aspectos:

... Non se queimarán sen autorización, nin se decruarán pastos permanentes salvo para rexeneración.

... Nos pastos permanentes manterase unha carga gandeira igual ou superior a 0,4 UGM/ha en zonas de montaña, 0,7 UGM/ha en zonas desfavorecidas e 0,9 UGM/ha no resto de zonas. De non alcanzar estas cargas gandeiras, será requisito obrigatorio realizar labores de mantemento axeitados.

... As seguintes especies vexetais non poderán invadir, nin implantarse nas terras de cultivo:

ESPECIES VEXETAIS NON DESEXABLES

Senecio spp. (herba cana, herba de Santiago...)

Rumex spp. (labaza)

Cirsium spp.(cardo)

• No relativo a evitar o deterioro dos hábitats, terá que prestar atención a:

... Manter as características topográficas e elementos estruturais do terreo. Para poder facer modificacións necesitará a autorización administrativa correspondente.

⚠ ... En terreos enchoupados, con neve ou en augas estancadas non se poderán aplicar produtos fitosanitarios,

fertilizantes, lodos de depuradora, compost, estercos ou xurros.

... As explotacións con estabulación permanente ou semipermanente contarán cun depósito de esterco/xurro de capacidade suficiente e correctamente impermeabilizado.

• No relativo a evitar a erosión do solo:



... Non deberá labrar na dirección da pendente cando esta sexa maior do 10 % en terras de cultivo, ou do 15 % en viñedo. Excepto en parcelas inferiores a 1ha ou con forma complexa.

... En cultivos herbáceos de inverno non labrará ata o 1 de agosto.

... En terras de retirada, barbeito e non cultivadas manterase unha cuberta vexetal axeitada, ou realizaranse os labores mínimos de mantemento.

... Respetaranse as rotacións de cultivos e manterase unha cuberta vexetal axeitada nas zonas de elevado risco de erosión.

... Os socalcos de retención manteranse en bo estado de conservación.

• No relativo á conservación da materia orgánica do solo:

... Non se queimarán restollos, salvo por razóns fitosanitarias e coa autorización correspondente.

... Eliminaranse os restos de colleita e poda axeitadamente (compostaxe, enterramento).

• No relativo ao mantemento da estrutura do solo e evitar a compactación:


... En terreos saturados non se empregaran vehículos, nin maquinaria, salvo que sexa para realizar tratamentos fitosanitarios, recollida de colleitas, ou subministración de alimentos ao gando.



Imaxe de pradería invadida por cardo




2.3. Benestar dos animais

- Persoal.
 - ... Os animais serán coidados por un número de persoas suficiente e con coñecementos e capacidade axeitados.
- Inspeccións que ten que realizar o propietario ou criador.
 - ... Os animais serán inspeccionados coa regularidade e cos medios que sexan necesarios para garantir o seu benestar. Cando este dependa da atención humana a inspección será, polo menos, dunha vez ao día.
 - ... No caso de apreciar algún animal enfermo ou ferido subministrarse inmediatamente tratamento. De ser necesario, o/os animal/is enfermos illaranse en dependencias apropiadas.
- Constancia documental.
 -  ... O propietario ou criador levará un rexistro dos tratamentos médicos e dos animais atopados mortos nas inspeccións, que conservará durante o período de tempo sinalado na normativa vixente.
- Liberdade de movementos.
 - ... Non se limitará a liberdade de movementos propia dos animais de tal xeito que provoque sufrimento ou danos innecesarios.
 - ... Cando os animais estean atados ou retidos continua ou regularmente, proporcionaráselles un espazo axeitado as súas necesidades fisiolóxicas.
- Edificios e cortes.
 - ... Os materiais que se empreguen para a construción de cortes, e en particular de recintos e equipos, non poden ser pre-

xudiciais para os animais e poderán limparse e desinfectarse a fondo.

... As cortes e accesorios para atar aos animais construíranse e manteranse sen que presenten bordos afiados ou saíntes.

... As condicións ambientais e de iluminación das instalacións serán axeitadas consonte coa especie animal. Non se manterán permanentemente na escuridade, nin estarán expostos á iluminación artificial sen as interrupcións axeitadas.

- Animais mantidos ao aire libre.
 - ... Os animais que se manteñan ao aire libre protexeranse na medida do posible contra as inclemencias do tempo, os depredadores e o risco de enfermidades.
- Equipos automáticos ou mecánicos.
 - ... Os equipos dos que dependa o benestar dos animais inspeccionaranse unha vez ao día, arranxando inmediatamente as avarías que se atopen. De non ser posible arranxalas, tomaranse medidas para garantir o benestar dos animais.
 - ... Se os animais precisan dun sistema de ventilación artificial, este será de capacidade suficiente e deberá contar cun sistema de alarma para detectar avarías ademais de contar cun sistema de ventilación substitutivo axeitado.
-  • Alimentación, auga e outras substancias
 - ... Os animais recibirán unha alimentación axeitada segundo a súa idade e especie.



... Os animais terán acceso aos alimentos en intervalos axeitados ás súas necesidades fisiolóxicas.

... Os animais terán acceso a unha cantidade de auga de calidade adecuada.

... Os equipos de subministración da comida e a auga estarán deseñados para reducir o risco de contaminación destes e evitar rivalidades xerárquicas entre animais.

... Non se lles subministrará aos animais nin alimento nin líquidos que lles ocasionen sufrimentos ou danos innecesarios, así como ningunha outra substancia, excepto as permitidas para tratamentos terapéuticos, profilácticos ou para tratamento zootécnico.

• Procedemento de produción.

... Non se empregarán procedementos de cría, naturais ou artificiais, que poidan ocasionarlles sufrimentos ou feridas aos animais.

3. Informámolo de que:

- Antes de comezar a súa actividade, facilitaralle á Consellería do Medio Rural os datos necesarios para rexistrar a súa explotación e incluíla na base de datos.
- Os animais nados antes do 9 de xullo do 2005 conservarán os medios de identificación mediante crotal ou tatuaxe.
- Os animais de cría nados despois do 9 de xullo do 2005 identificaranse no prazo máximo de 6 meses cun crotal na orella dereita e un bolo ruminal.
- Os animais procedentes doutros Estados Membros da UE conservarán a identificación orixinal.
- Os animais procedentes de terceiros países identificaranse na explotación de destino na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os titulares ou posuidores deberán conservar os documentos de traslado dos animais que entraron na explotación e un duplicado dos animais que saíron durante un período mínimo de tres anos.



- Os animais destinados ao sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional poderán identificarse mediante unha marca auricular que permita recoñecer a explotación de nacemento.
- Os animais destinados a intercambios comunitarios ou exportacións, poderanse identificar, coa autorización da Consellería do Medio Rural, mediante unha dobre marca auricular.
- A información do libro de rexistro da explotación conterá información dos tres anos anteriores.

4. Lembre que:

No caso de que a Administración detecte que vostede non cumpriu algunha das obrigas da condicionalidade ou considere que non colaborou coa inspección, as axudas da PAC que percibe pódense ver reducidas e, en casos extremos, incluso anuladas.

5. Información adicional:

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nas oficinas agrarias comarcais, nos servizos provinciais, de gandaría, técnico agrario e do FOGGA, da Consellería do Medio Rural.



**A condicionalidade
nas explotacións de**

**gando
ovino-cabrún**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

